

BLOQUE 1: FINANCIAMENTO LOCAL

A) TRIBUTACIÓN LOCAL

1. IBI*: Cómpre actualizar as ponencias de valores que presentan na súa gran maioría antigüidades superiores a 10 anos. Estas ponencias deberían ser obxecto de revisión periódica para evitar ter que someterse a actualizacións por coeficientes que sempre resultan menos axustadas á realidade.
2. IBI: Ao mesmo tempo deben corrixirse os efectos non desexados que ditas actualizacións producen no cálculo das participacións dos ingresos do Estado, como tamén ocorre cos bens de características especiais.
3. IBI: Resulta conveniente optimizar a súa xestión, especialmente no caso de bens rústicos a aqueles recibos cuxa contía exceda dos custos de xestión que xeran.
4. IBI: Sería preciso revisar mesmo a definición de vivenda desocupada de cara a establecer normativamente os criterios determinantes desta condición para o caso de que os concellos decidan incrementar o gravame sobre as mesmas.
5. IVTM**: Resulta necesario a súa reformulación como un tributo de natureza medioambiental.
6. ICIO***: Ademais dalgunhas melloras técnicas, débese intensificar a comprobación sobre as construcións efectivamente realizadas e a súa valoración unha vez finalizadas as mesmas.
7. IIVTNU****: Resulta urxente unha revisión do seu deseño legal que determina plusvalías en todos os supostos cando, polo efecto da crise e a depreciación dos inmobles, estanse a xerar auténticas minusvalías. Polo tanto conviría definir a base imponible atendendo ás efectivas plusvalías, particularmente as derivadas das actuacións urbanísticas, integrándoo co IRPF a través das deducións oportunas para evitar dobres imposicións.
8. En relación ao canon da auga, cuxa titularidade é da Comunidade Autónoma Galega, sería recomendable que os recursos que xera se dediquen en exclusiva a investimentos e que ese destino se decida a través dun plan autonómico ou provincial coa participación da FEGAMP.
9. Taxas e Prezos Públicos: Para a adecuación da súa recadación aos custos dos servizos, resulta esencial a correcta formulación das memorias económicas que deben acompañar á súa imposición e que deben cuantificar os custos reais e efectivos dos servizos que as xeran. A estes efectos sería recomendable dispoñer dunha metodoloxía común para a elaboración deses informes preceptivos. A partir de tales memorias debe tenderse a dar cumprimento ao principio de equivalencia dunhas e outros.

As 100 demandas da Fegamp. Comisión de Análise de Facendas Locais

10. Beneficios fiscais: Considérase necesario unha análise rigorosa do sistema de beneficios fiscais existentes nos tributos locais, da función de interese xeral que os xustifica, da súa eficacia para a consecución dos obxectivos expostos e da súa eficiencia e económica para, con base nel decidir o mantemento, modificación ou supresión dos mesmos.
11. Xestión Tributaria: Debe simplificarse a xestión tributaria local incorporando as novas tecnoloxías para, ademais de reducir os custos, facilitar tamén aos contribuíntes o cumprimento das súas obrigas. De xeito particular resultaría moi desexable atopar alternativas para a xestión de IBI de rústica ou IVTM que xeran un volume anual enorme de recibos de escasa contía e con altos custos de xestión.
12. É importante establecer un Plan de prevención do fraude fiscal, tamén a nivel local, coa aplicación de medidas que persigan a incoación dos respectivos procedementos de inspección tributaria, verificación de datos ou de comprobación de valores, entre outros, dacordo co previsto a tales efectos na Lei Xeral Tributaria, así como a implantación a nivel práctico do correspondente réxime de infraccións e sancións no ámbito tributario de natureza local, regulado mediante a correspondente ordenanza onde se establezan taxadas as distintas posibilidades que ofrece a casuística tributaria.

B) PARTICIPACIÓN NOS INGRESOS DO ESTADO

13. Deberíase acometer de forma urxente a reforma do sistema de financiamento da participación nos ingresos do estado das entidades locais, establecendo períodos quinquenais de revisión do modelo de reparto.
14. Resulta necesario introducir criterios que compensen os desequilibrios que se están a producir entre o modelo xeral e de cesión.
15. Cómpre incrementar para o cálculo dos Ingresos Tributarios do Estado (ITE) o número de impostos estatais respecto aos que actualmente se toman en consideración.
16. Non se debe limitar a participación nos impostos estatais das entidades locais como ten ocorrido co incremento dos tipos de IVE, parte da que se deixou fóra de participación a concellos e deputacións.
17. Débese establecer un cálculo da cifra anual de participación transparente e obxectivo, no que se utilicen datos dun mesmo exercicio para todos os conceptos do seu cálculo no relativo ás cantidades excluídas das Comunidades Autónomas.
18. Hai que prever mecanismos de axustes claros e neutrais na PIE ante as supostas reformas do sistema de financiamento autonómico para evitar os prexuízos que estas medidas producen na participación dos entes locais.
19. Para o reparto da participación entre as entidades locais débense introducir factores que inciden directamente no custo que na prestación de servizos teñen que asumir. Proponse engadir na fórmula de reparto as variables “superficie”, “número de

As 100 demandas da Fegamp. Comisión de Análise de Facendas Locais

entidades singulares de poboación” e “índice de envellecemento” de forma directa ou a través dun fondo específico integrado na participación, similar ao existente para as Comunidades Autónomas.

20. Sería conveniente manter o mesmo coeficiente de ponderación durante todo o período a aqueles concellos que descendan de tramo poboacional.
21. Hai que reformular os criterios “esfuerzo fiscal ” e “ inverso da capacidade tributaria” de cara a minimizar as ineficiencias detectadas neste período, relacionadas, entre outros supostos, coas revisións de valores catastrais.
22. Para as entregas a conta cómpre establecer un índice para cada concello en base aos criterios de reparto que se utilicen, que sirva de referencia para realizar a liquidación definitiva que se practique, similar ao implantado no caso do Fondo de Cooperación Local de Galicia.
23. Deberíase garantir unha cantidade mínima per cápita a cada concello para evitar os prexuízos daqueles municipios que durante o período incrementen notablemente a súa poboación.
24. Considérase que os concellos deberan ter unha participación na taxa de uso do dominio público radioeléctrico previsto na Lei de Comunicacions.

C) PARTICIPACIÓN NOS INGRESOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

25. Sería conveniente que a Participación nos Ingresos da Comunidade Autónoma dos concellos galegos sexa regulada mediante unha Lei autonómica específica consensuada coa Fegamp.
26. Cómpre establecer unha porcentaxe fixa de participación dos concellos nos capítulos I, II e III do orzamento dos ingresos da Administración Xeral da Xunta de Galicia, clarificando de forma precisa os criterios de homoxeneización anuais que se apliquen.
27. Débese reclamar unha coordinación axeitada na aplicación destes criterios de homoxeneización entre o Estado e a Comunidade Autónoma que evite os graves prexuízos que se produciron nos anteriores períodos na participación anual nos ingresos estatais e autonómicos das entidades locais.
28. Hai que tender ao incremento da porcentaxe das partidas non finalistas dentro do capítulo de transferencias totais da Xunta de Galicia con destino ás entidades locais, mediante a integración no Fondo de Cooperación Local de determinadas subvencións que os concellos perciben anualmente de xeito recorrente coa conseguinte modificación da porcentaxe de participación.
29. Débese crear un Fondo específico anual formado polas transferencias non executadas no orzamento da Xunta de Galicia con destino ás entidades locais.
30. Débese manter a contía mínima garantida de participación anual de cada concello.

As 100 demandas da Fegamp. Comisión de Análise de Facendas Locais

31. Conviría que na fórmula de reparto da Participación nos Ingresos da Comunidade Autónoma dos concellos se teñan en conta aspectos demográficos e territoriais que inciden no custo que os concellos asumen na prestación dos seus servizos (poboación, dispersión e envellecemento).
32. O criterio “esfuerzo fiscal” debe ser redefinido de xeito que mida a corresponsabilidade fiscal dos concellos. Tal e como está definido actualmente a través da recadación dos Capítulos I, II e III de ingresos dos concellos primase a capacidade económica de cada municipio máis que o esforzo fiscal real.
33. Sería preciso introducir criterios obxectivos que primen a óptima xestión dos servizos públicos por parte dos concellos en base aos parámetros socioeconómicos que se determinen, previo consenso entre as administracións autonómica e local.

D) TRANSFERENCIAS A TRAVÉS DE SUBVENCÍONS**D.1) Da Xunta de Galicia**

34. Para o maior respecto á autonomía financeira e á suficiencia local débese tender á progresiva supresión das subvencións con fondos propios da Comunidade Autónoma a favor das entidades locais, mediante a integración paulatina de determinadas subvencións no Fondo de Cooperación Local.
35. Resulta necesario configurar mecanismos de estudo e valoración do custo de servizos financiados parcialmente mediante transferencias pola Xunta de Galicia e prestados no ámbito local así como para o establecemento dun financiamento para a estabilización permanente deses servizos.
36. A Xunta de Galicia debería asumir os servizos da súa competencia actualmente prestados polas entidades locais e financiados parcialmente mediante transferencias.
37. Cómpre crear un Fondo anual de infraestruturas destinado ás entidades locais formado por aquelas transferencias de capital dos distintos departamentos da Xunta de Galicia.
38. O reparto deste Fondo anual de infraestruturas debe responder a criterios obxectivos e consensuados cos entes locais.
39. Igualmente, débense establecer criterios obxectivos e consensuados coas entidades locais para o reparto daquelas liñas financeiras destinadas ao fomento de determinadas actividades ou servizos.
40. Débense manter o Fondo de Equipamentos e Infraestruturas Rurais (PEIM) e o Fondo de Compensación Ambiental mellorando os procedementos e criterios de reparto entre os distintos concellos.
41. Adicionalmente débese incrementar a partida do Fondo de Compensación Ambiental de maneira que a totalidade recadada en concepto de Canon Eólico se distribúa integramente entre os concellos.

As 100 demandas da Fegamp. Comisión de Análise de Facendas Locais

42. En aras da transparencia e da corresponsabilidade débense prever instrumentos que permitan unha visualización anual das transferencias totais recibidas polas entidades locais de Galicia e establecer medidas que equilibren a dotación anual percibida por cada unha delas.
43. Débense establecer mecanismos que permitan a simplificación e axilización dos trámites a realizar por parte das entidades locais de cara a garantir a percepción do financiamento establecido no momento da concesión da subvencións ou sinatura do Convenio se fora o caso.

D.2) Das Deputacións Provinciais

44. Resulta preceptivo e urxente elaborar un Plan Estratéxico de subvencións das Deputacións co contido e alcance previsto nas normas de aplicación, que procure, entre outros extremos, a simplificación e racionalización de convocatorias e trámites.
45. A acción de fomento provincial debe realizarse en base a criterios obxectivos e equitativos, entre os que debe figurar o custo efectivo dos servizos, elaborados coa participación dos municipios da provincia e respectando a autonomía municipal e as competencias das distintas Administracións Públicas e orientarse especialmente aos municipios de menor capacidade económica.
46. Só por razóns excepcionais de interese público poden outorgarse subvencións nominativas, cando non resulte posible a aplicación dos principios xerais de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación e así se acredite no expediente administrativo.
47. As transferencias a Concellos deben canalizarse a través de Plans de Financiamento das Obras e Servizos de competencia municipal, que comprendan todos os recursos a asignar anualmente aos concellos de cada provincia con criterios obxectivos e equitativos, contando coa colaboración municipal no marco da súa autonomía de xestión.

D.3) Xestión de Fondos Europeos

48. Débese reivindicar unha participación activa das entidades locais na elaboración a nivel comunitario dos Plans de Desenvolvemento Rexional, nos marcos estratéxicos e nos instrumentos de planificación correspondentes.
49. Sería desexable contar cunha cota de participación municipal no total de recursos de orixe europeo asignados ao Estado e as Comunidades Autónomas, particularmente no Fondo de Cohesión, abrindo a posibilidade de liñas específicas para aquelas entidades que polo seu tamaño non poder participar nos programas actuais.

As 100 demandas da Fegamp. Comisión de Análise de Facendas Locais

50. As entidades supramunicipais deben prestar o apoio técnico para a xestión e seguemento de proxectos susceptibles de financiamento europeo, así como a cooperación financeira necesaria para a súa viabilidade económica.

BLOQUE 2: GASTO E XESTIÓN MUNICIPAL**A) ORZAMENTOS LOCAIS**

51. Cómpre establecer unha regulación da tramitación orzamentaria de carácter xeral e aplicabilidade directa que garanta o equilibrio entre as facultades do Goberno e as competencias do Pleno, na liña do que xa ocorre no ámbito estatal e autonómico.
52. É preciso que a nova regulación contemple o trámite de informes de Intervención previos ao debate e votación das emendas no Pleno.
53. No referente á prórroga do orzamento, deberanse prever limitacións ás posibilidades de gasto cando a execución e liquidación do orzamento prorrogado poña de manifesto desequilibrios graves.
54. Debe incidirse, a través dos diferentes mecanismos posibles, na conveniencia de aprobar os orzamentos en prazo polas consecuencias que da non aprobación se derivan para ese e exercicios futuros.

B) ESTABILIDADE E SOSTIBILIDADE DAS ENTIDADES LOCAIS

55. Como cuestión xeral deberíase revisar a formulación das regras fiscais (estabilidade, sostibilidade, regra de gasto, etc) que deberían tomar en consideración as distintas situacións en que se poden atopar as Entidades Locais. Particularmente a regra de gasto só debería resultar de aplicación cando concorrese un incumprimento dalgunha das restantes.
56. Tendo en conta que o obxectivo de estabilidade para as Entidades Locais é o equilibrio estrutural, débese estimar tamén o impacto cíclico sobre as contas locais para a medición máis exacta de tal obxectivo.
57. Dado que as situacións excepcionais de déficit para atender catástrofes e outras situacións de necesidade só se contemplan para o Estado e as CCAA, deben preverse mecanismos para que estes entes atendan ás necesidades de gasto local derivado de tales situacións.
58. As normas de estabilidade e sostibilidade deben prever un mecanismo para individualizar para cada entidade os límites establecidos, con carácter xeral para o

As 100 demandas da Fegamp. Comisión de Análise de Facendas Locais

sector, en función do PIB. Tal individualización deberá facerse en función dos ingresos correntes.

59. Aos efectos do cálculo da regra de gasto deben terse en conta, non só as modificacións legais, senón tamén as medidas adoptadas nas súas ordenanzas fiscais polas entidades locais (tipos bonificacións, etc) que incidan na recadación efectiva. E mesmo, aínda que non se trate dunha modificación normativa, determinadas actuacións que levan incrementos permanentes de recadación como puidesen ser a aprobación de novos valores catastrais ou a súa actualización, que inciden directa e de forma permanente na recadación de impostos locais como o IBI.
60. Tamén en relación á aplicación da regra de gasto, deberase prever a dotación dun fondo de reserva ao que poder destinar os excesos sobre o gasto máximo permitido e que servira para financiar gasto noutros exercicios con menores ingresos.
61. A regra que obriga a destinar os ingresos obtidos por encima do previsto a reducir o endebedamento debería limitarse na súa aplicación a aquelas entidades que presentasen un nivel de débeda superior ao teito máximo permitido, fose o xeral, fose o fixado con carácter transitorio.
62. Esa mesma regra deberá limitarse aos ingresos obtidos por encima do previsto, pero sen afectar a ingresos novos cos que puideran contar as EELL.
63. Cuestións similares deben terse en conta á hora de regular o destino do superávit, limitando a súa aplicación para redución da débeda unicamente cando o endebedamento supere os límites establecidos. Fóra deses casos débese flexibilizar o seu destino para investimentos.
64. A efectos de determinación da estabilidade orzamentaria ou regra de gasto debería excluírse do seu cómputo os gastos financiados con remanente de tesourería.
65. Resulta necesario revisar a regulación e límites do endebedamento local coordinando a regulación xeral prevista na lei reguladora de facendas locais coas limitacións específicas aprobadas durante o período de crise.
66. Cómpre revisar as medidas previstas na normativa de estabilidade, suavizando algunhas delas e aclarando o réxime doutras como os plan de axuste para os concellos de menor poboación.
67. Débese expoñer un réxime especial para os supostos de déficit derivados da aplicación do remanente de tesourería, eliminando ou simplificando o plan de axuste a elaborar nestes casos, así como as outras consecuencias derivadas de tal incumprimento.
68. É preciso regular con maior precisión a dotación do fondo de continxencia, tanto na súa contía como no que atinxe á operativa orzamentaria a el referida.

C) OUTRAS CUESTIÓNS

As 100 demandas da Fegamp. Comisión de Análise de Facendas Locais

69. En materia de contratación, deben buscarse solucións normativas que permitan compaxinar os requirimentos de concorrencia e competencia coa promoción e desenvolvemento da actividade económica local, necesaria para a adecuada ordenación do territorio.
70. En materia de persoal deben eliminarse as restricións á OPE, na medida en que, ao aplicarse de forma lineal para todos, non permiten nin levar a cabo as necesarias accións de estabilización, incidindo así na precarización, nin afrontar as necesidades derivadas da evolución da entidade e dos novos servizos ou competencias aos que ten que facer fronte, ao tempo que condiciona a autonomía local na decisión de fórmulas de xestión.
71. É preciso deseñar plans de actuación coa colaboración económica e técnica de Deputacións e tamén da Comunidade Autónoma, para asegurar que as entidades locais poidan dotarse dos recursos necesarios para dar cumprimentos ás obrigas derivadas da implantación da administración electrónica.

BLOQUE 3: AMBITO COMPETENCIAL**A) ÁMBITO COMPETENCIAL CONCELLOS**

72. En tanto non se poida consagrar a nivel estatutario o marco do pacto local, debe buscarse un amplo consenso para adaptar a lei de réxime local de Galicia, asumindo o papel que debe corresponder ás Comunidades Autónomas en materia local, na liña seguida por outras Comunidades, ao tempo que se reforzan competencias, financiamento e conseguintemente a autonomía local.
73. Resulta imprescindible establecer unha conexión efectiva e xuridicamente operativa entre competencias e servizos e financiamento, tanto para a atribución de novas competencias como para a revisión do actual sistema de financiamento.
74. É necesario o recoñecemento dun núcleo de competencias propias que poidan ser exercidas con plena autonomía por estes no que se garanta o financiamento preciso que lle permitan exercer as mesmas con plena capacidade. A estes efectos resulta especialmente relevante a revisión da lexislación sectorial tanto no aspecto xurídico como financeiro, aos efectos de determinar a suficiencia ou insuficiencia do financiamento dispoñible ao respecto e no caso de detectarse insuficiencias, adoptar as medidas oportunas.
75. Con carácter abstracto, deberían poder ser obxecto de traspaso todas aquelas materias que poidan afectar aos intereses dos habitantes dos gobernos locais en

As 100 demandas da Fegamp. Comisión de Análise de Facendas Locais

virtude dos principios de subsidiaridade, eficacia, descentralización e maior achegamento á cidadanía.

76. Neste senso, sería conveniente introducir na normativa aqueles servizos que xa veñen prestando efectivamente as Administracións locais, dotando aos concellos da autonomía precisa e o financiamento suficiente e estable para poder deseñar e programar con garantía económica as súas actividades anuais.
77. É conveniente permitir que os concellos poidan realizar actividades complementarias ás que desenvolven outras administracións, sempre que quede garantida a prestación dos servizos mínimos e cumpran coa normativa en materia de estabilidade orzamentaria.
78. É preciso que as obrigas económicas que actualmente asumen os concellos sen ter competencia nin capacidade de xestión sobre o gasto sexan asumidas pola administración competente na materia, singularmente, os custos derivados do mantemento dos centros de saúde e centros educativos que actualmente son sufragados polas entidades locais.
79. Débese revisar e mellorar a técnica utilizada nas normas de atribución de competencias. A estes efectos serían conveniente efectuar unha proposta transversal de revisión e mellora das principais leis sectoriais.
80. En todo caso, non se debe atribuír competencias aos entes locais a través de Leis sectoriais sen previo consenso e, por descontado, sen o financiamento preciso para acometelas.
81. En materia de competencias municipais distintas das propias cómpre diferenciar aquelas que obedezan á decisión autónoma municipal daquelas inducidas pola Comunidade Autónoma en materias relacionadas ou complementarias das de competencia autonómica, que deberán contar con un marco de financiamento estable e suficiente.
82. No caso de propugnarse a superación da actual uniformidade en materia de competencias municipais, sería coherente postular que aquelas competencias das que se exclúa aos pequenos concellos poidan ser asumidas polas deputacións provinciais ou outras entidades supramunicipais, como competencias propias ou, alternativamente, como competencias municipais suxeitas a exercicio unificado baixo a coordinación dun ente supramunicipal.
83. Respecto aos servizos mínimos, contidos no Artigo 26 da Lei 7/1985, débese establecer un custo óptimo para cada servizo coa fixación dun índice estatal no que se teña en conta criterios xerais que afectan ao custo da prestación e ás unidades de referencia propias de cada un dos servizos, de cara a que sexa utilizado para o establecemento dun financiamento adecuado e igualitario entre os distintos concellos en base ás súas especificidades.

As 100 demandas da Fegamp. Comisión de Análise de Facendas Locais

84. Respecto ás competencias atribuídas pola Comunidade Autónoma, cómpre establecer un custo óptimo para cada servizo coa fixación dun índice autonómico no que se teñan en conta criterios xerais que afectan ao custo da prestación e ás unidades de referencia propias de cada un dos servizos, de cara a que sexa utilizado para o establecemento dun financiamento adecuado e igualitario entre os distintos concellos en base ás súas especificidades.
85. Sería recomendable establecer neste senso un sistema obxectivo para a fixación das unidades de referencia de cada concello distinto ao actual, para o que estimamos que se debe potenciar a Enquisa de Infraestruturas e Equipamentos Locais (EIEL) e os Institutos de Estatística estatal e autonómicos.
86. É recomendable introducir indicadores de calidade na xestión dos servizos para lograr unha mellor eficiencia e eficacia na xestión global, ao tempo que permita realizar unha valoración obxectiva e comparada entre custo asumido, criterios de xestión e resultados acadados.
87. Sería conveniente que estes indicadores puxeran en relación o grao de cumprimento dos obxectivos de cada servizo, grao de satisfacción dos usuarios do servizo, modelo organizativo e de xestión e os recursos necesarios, custos asociados e fontes de financiamento.
88. Débense potenciar a promoción de estudos específicos dos servizos de competencia local e a creación de bases de datos económicos que sirvan como instrumento para a mellora da xestión nos distintos concellos.
89. Dada a complexidade que ten o desenvolvemento das competencias no ámbito local, é necesario investir en procesos que permitan novas formas de xestión óptimas e eficientes. Neste senso, sería recomendable a potenciación das Smarts City e a ampliación do seu concepto para a súa aplicación nos concellos rurais.

B) ÁMBITO COMPETENCIAL DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS**a. Sobre a cooperación nos servizos municipais:**

90. As Deputacións deben orientar as súas competencias cara a cooperación en réxime de codecisión cos concellos, mais aló da mera asistencia técnica ou económica e con destino prioritario aos concellos de menos de 50.000 habitantes.
91. Neste senso, sería conveniente abrir liñas cara á creación de servizos intermunicipais de carácter integrado, outorgando unha ampla marxe de liberdade para a configuración destes servizos, incluíndo o uso das técnicas de encomenda de xestión, delegación de competencias, participación en consorcios e en todo tipo de entes públicos ou privados de carácter plural (organismos autónomos, entes públicos

As 100 demandas da Fegamp. Comisión de Análise de Facendas Locais

empresariais, sociedades mercantís, fundacións) e participación en agrupacións de municipios. Calquera destas fórmulas de xestión integrada deban incluír sempre e en todo caso unha cualificada participación dos concellos na toma das decisións fundamentais dos servizos.

92. Cómpre desenvolver con carácter flexible, xunto aos plans de cooperación económica, unha nova tipoloxía de plan de xestión integrada de servizos municipais, regulando o seu procedemento de elaboración e aprobación, coa preceptiva participación dos concellos, así como a súa vixencia e o seu contido.
93. Sería recomendable que as subvencións provinciais aos concellos se canalizasen a través de plans de cooperación económica e o seu reparto deben responder a criterios obxectivos e tratando de dar prioridade a aqueles con menor dispoñibilidade de recursos. O uso das subvencións por concorrencia competitiva ou de carácter nominativo debe limitarse drasticamente: no primeiro caso, a supostos non referidos ao financiamento dos servizos mínimos obrigatorios; e, no segundo, a supostos singulares que, pola súa especificidade ou magnitude non poidan incluírse nun plan ou programa de cooperación.

b. Sobre a asistencia a municipios.

94. Na futura reforma da lei de administración local de Galicia, deben establecerse servizos mínimos obrigatorios de asistencia a municipios homoxéneos nas catro deputacións galegas, cun grao suficiente de detalle, adaptados ás necesidades dos concellos e con cauces para súa esixencia en caso de incumprimento. A implantación debe ser progresiva e adaptada á capacidade real das administracións implicadas.
95. Deberían arbitrarse mecanismos, contando coa colaboración das Deputacións, que aseguren que todos os Concellos dispoñan dunha RPT e tamén de convenios colectivos como instrumento de xestión de persoal.

c. Outras competencias.

96. Con independencia das medidas anteriores e, con carácter xeral, debe estudarse a conveniencia de limitar, con maior intensidade que no caso dos concellos, o exercicio de competencias diferentes das propias por parte das deputacións, coa finalidade de incrementar os recursos destinados a asistencia e cooperación cos concellos.

BLOQUE 4: PLANTA LOCAL

97. O debate sobre a planta local, como instrumento para a ordenación territorial, debe partir dunha análise seria e rigorosa das competencias e servizos que deben xestionar e do seu financiamento, pensando en solucións estruturais a longo prazo.
98. Ante as dificultades económicas ou para a prestación de servizos que poden experimentar determinados concellos, cómpre rexeitar as solucións baseadas na transferencia de competencias dos concellos a outros niveis de goberno, ao estimarse incompatible co principio de autonomía local e mesmo co principio de eficacia.
99. Sen prexuízo de fusións que poidan acordarse voluntariamente, estímase conveniente e viable como alternativa á posta en marcha dunha estratexia xeral de xestión integrada e voluntaria dos servizos públicos municipais dos pequenos concellos, coa participación de todas as administracións implicadas, sen prexuízo de manter o dereito dos municipios, en tanto que titulares das competencias, a optar libremente por fórmulas de xestión compartida.
100. Neste senso, sería necesario efectuar unha regulación legal das fórmulas de cooperación, que axilice e facilite o seu emprego e, en particular no que se refire á xestión integrada, que delimite as facultades das administracións participantes neste tipo de accións e estableza garantías de participación cualificada dos concellos na toma das decisións máis relevantes na ordenación e xestión dos servizos integrados. Este tipo de medidas poderían articularse a través dunha futura Lei de Cooperación Local de Galicia.

*IBI: Imposto sobre Bens Inmóbles

** IVTM: Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica

*** ICIO: Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras

**** IIVTNU: Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana (coñecido como Imposto de Plusvalía)